

Hume e a AELG recuperan a tradición oral pontesa da man dos veciños

► O Mercado Vello acolleu a 33ª Polafía, unha «confluencia de persoas que coñecen cancións, lendas e historias antigas que hai que transmitir», presentada por Antonio Reigosa

C.P.R.


AS PONTES. «Cantas historias morren cada vez que se pecha unha porta!», dicía onte no Mercado Vello pontés Antonio Reigosa, mestre de cerimonia da Polafía número 33, esa «confluencia de persoas que coñecen cancións, lendas e historias antigas que hai que transmitir para que non se perdan». A iniciativa, impulsada pola Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) no marco das Xornadas de Outono de Hume, serviu para recuperar a tradición oral da localidade da man dalgún dos seus ilustres veciños.

E o acto comezaba cun gran exercicio de memoria, o que fai o documental 'Pedrón do Freixo. Unha historia da terra das Pontes', que Ángel Cordero e Alfredo Varela estrearán en breve e no que recollen as peripecias dun home que «é unha lenda», José María Tojeiro Pita, coñecido como Pedrón.

A «simpatía e bondade» dun home que anda polos 85 anos quedou patente nunha tarde na que se sucederon os relatos de veciños coma Elisa Romeu ou Sara Ramil. A primeira lembrou os tempos nos que andaba cosendo polas casas, «coa máquina debaixo do brazo e de calzado unhas zocas», facendo «de todo, ata medias».

«Iámos sempre dúas ou tres xuntas e nalgunha casa durmías», contaba Elisa, lembrando que entre elas tamén estaba Sara, encargada onte de debullar a memoria da escola de Pazos, construída por iniciativa dun veciño e á que ían «todos xuntos, nenos e nenas, de 19 anos a un».

Non podía faltar a gran tradición musical pontesa, entre as



Participantes na Polafía celebrada onte no Mercado Vello das Pontes. C.PÉREZ

vellas repichocas e as actuais foliadas do Lar, que dende 2006 se manteñen fieis á cita do último venres de mes e que por ter, teñen ata unha patroa, a Santa Palleta, tal e como detallou José López Martínez, 'Pepe de Rosalía'.

Xunto ás voces pontesas, oírónse as de convidados como Isidro Novo, que recitou vellos escritos, coma os de Caetano Arias, o gaiteiro de Santaballa; Esperanza Piñeiro, que se fai eco de lendas pontesas, xunto a Andrés Gómez, na obra 'De lenda en lenda', ou Lois Pérez, quen rememorou os ditos da súa avoa chairega ou unha pintada que retaba a Papá Noel a baixar pola cheminea pontesa.

Continuidade Charla forestal e revista número 10

As Xornadas de Outono de Hume terán continuidade o vindeiro venres 1, ás 20.00 horas na Casa Dopeso, onde Eduardo Rico Boquete e Araceli Freire Cedeira repasarán nunha charla os 70 anos de repoboación forestal forzada e as súas consecuencias. O ciclo pecharase o venres 15 de decembro, novamente no

Mercado Vello ás 20.00 horas, onde se presentará o número 10 da revista Hume, que en máis de 400 páxinas recolle diversos artigos ou entrevistas, así coma os dous traballos galardoados no primeiro Premio de Investigación Hume

Premio de Investigación

A entidade que preside Manuel Souto tamén aproveitará a última sesión das xornadas para realizar a entrega de distincións da segunda edición do Premio de Investigación Hume.